



Recordatorio de deberes legais ao Concello de Nigrán, sobre convocatoria publica nos procesos de selección de persoal.

Expediente: A.4.Q/3948/20

Santiago de Compostela, 03 de marzo de 2021

Sr. Alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia dun escrito de data 14 de setembro de 2020 no que se puña de manifesto que o Concello de Nigrán levou a cabo a contratación laboral de unha técnica de turismo o último trimestre do ano 2019 e de tres técnicos-as de turismo, sen realizar convocatoria pública previa.

En dito escrito se manifesta que o concello de Nigran non publicou ningún anuncio sobre a dita selección no seu Taboleiro de Anuncios nin no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra no período temporal que precedía tal contratación –último trimestre do ano 2019 e último semestre do 2020- e se interesa desta institución que se investigue a maneira na que ese concello cubriu as referidas prazas.

#### ANTECEDENTES

##### PRIMEIRO

Recibido escrito de queixa, con data de 21 de setembro de 2020, solicítase informe ao Concello de Nigran.

##### SEGUNDO

Con data de 5 de novembro de 2020, ten entrada nesta Institucion resposta do Concello de Nigran.

En dito escrito consta unha proposta feita pola Concelleria de Persoal no seguinte sentido: “Que se utilice o resultado do proceso selectivo último levado a cabo nesta administración para esta área, para levar a cabo a contratación de persoal subvencionado para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo rías baixas durante o ano 2020 así como de calquera outra contratación desta área.”

#### TERCEIRO

Por non ser posible, coa información recibida, facer unha valoración definitiva do obxecto da queixa, con data de 22 de xaneiro de 2021, de novo dirixímonos ao concello de Nigrán, co fin de solicitar con urxencia información sobre os extremos que están aínda pendentes de aclaración, e de xeito concreto:

Si a proposta feita pola Concelleria de Persoal a Alcaldía foi aceptada e se levou a cabo.

Se houbo autorización expresa da Deputación de Pontevedra mediante a que prestou a súa conformidade para utilizar a fórmula exposta (na proposta da Concelleria de Persoal) así como a autorización de inicio de contrato con data posterior á aprobada (01/05/2020) con aclaración da súa data concreta de finalización”

#### CUARTO

En data de 15 de febreiro de 2021 recibese novo escrito do Concello de Nigran en resposta a solicitude de informacion complementaria.

En dito escrito faise constar o seguinte:

#### **INFORME DA CONCELLERIA DE PERSOAL**

“Asunto: Contratación persoal para información en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo Info Rías Baixas durante o ano 2020. Expte. Ref. 2020000635SV

1. Con data 02/06/2020 o persoal da Oficina de Recursos Humanos pode acceder a través do Programa CIVIDAS ao expediente Ref. 2020000635Sv "SUBVENCIONS E AXUDAS DA DIPUTACION.- CUSTOS DE PERSOAL PARA INFORMACION EN OFICINAS DE TURISMO" tramitado pola Xefa de Negociado da Unidade de Servizos Xerais, dada a imposibilidade por motivos técnicos alleos a esta oficina dun acceso en data anterior.

No citado expediente consta como último documento incorporado unha Providencia da Alcaldía asinada o 27/05/2020 mediante a que expón:

"Con data 06-03-20 solicitase á Deputación provincial, subvención para a contratación de persoal nas oficinas de turismo do 1 de maio ó 31 de decembro de 2020, segundo as bases da convocatoria de subvencións publicadas no BOP de 12- 02-20.

Vista a Resolución de concesión de subvención, publicada en BOP de data 26-05-20 pola que se concede o Concello de Nigrán unha subvención de 14.000 euros para a contratación de dúas persoas para a oficina de turismo dende o 1 de maio ata o 31 de decembro de 2020, trasládese o expediente de referencia o Departamento de Persoal para a tramitación da correspondente selección e contratación segundo as condicións da subvención, para posteriormente tramitar a xustificación da subvención polo Negociado da Unidade de Servizos Xerais."

2. Despois da análise dos documentos que constan no expediente ao que se da traslado, é necesario indicar que ao persoal adscrito a este concellería, encargado de levar a cabo o proceso de selección e contratación citado:

- Non lle consta modificación das datas correspondentes ao período de contratación, dado que é obvio que o comezo da contratación é imposible levala a cabo dende o 01/05/2020 tal y como se desprende do propio expediente trasladado

- Non consta no seu caso escrito dirixido á Deputación de Pontevedra indicando dita circunstancia co fin de que especifiquen dito extremo para poder levar a cabo o proceso e a contratación con todas as garantías xurídicas ao abeiro das BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DA DOTACIÓN DE PERSOAL PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS DE INFORMACIÓN EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE OFICINAS DE TURISMO INFO RÍAS BAIXAS DURANTE O ANO 2020 (publicadas no BOPPO núm. 29 o 12/02/2020).

- Constatado petición solicitando retención de crédito para levar a cabo a citada contratación con data de 26/02/2020 ao departamento de intervención, non consta dito documento. E trala consulta verbal feita, non consta a xeración de crédito previa necesaria para levar a cabo a contratación.

3. De conformidade co establecido na disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE núm. 67, do 14/03/2020), "Se suspenden términos y se interrumpen los plazos para la tramitación de los procedimientos de las entidades del

sector público. El cómputo de los plazos se reanudará en el momento en que pierda vigencia el presente real decreto o, en su caso, las prórrogas del mismo".

A citada reanudación dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público prodúcese o 01/06/2020, o que pon de manifesto a carga de traballo existente en todos os departamentos deste concello, senda un dos máis afectados a Oficina de recursos humanos.

4. Con data de 20/02/19 se solicitou ante a Axencia de Turismo de Galicia unha subvención para a contratación de persoal para as oficinas de turismo, ao abeiro da Resolución do 26/11/18, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (DOG 22/01/19).

Trala resolución positiva da solicitude de subvención para a contratación dun/ha traballador/a e tendo en conta a intención desta corporación de contratar nun único proceso selectivo a 4 persoas, tal e como foi acordado en Mesa de Negociación o 12/04/19, a Alcaldía en funcións con data 05/06/2019 aproba as bases de selección polas que se rexerá o proceso de selección.

Como resultado do citado proceso consta proposta de contratación do Tribunal cualificador de data 12/06/2019 para cubrir as prazas de referencia.

Tendo en conta que a selección e contratación que se pretende levar a cabo ao abeiro da Resolución de concesión de subvención, publicada en BOP de data 26-05-20 pola que se concede o Concello de Nigrán unha subvención de 14.000 euros para a contratación de dúas persoas para a oficina de turismo, presenta idénticas condicións coa selección e contratación levada a a cabo durante o pasado ano como resultado do proceso selectivo levado a cabo con todas as garantías xurídicas nesta área, o cal se corresponde co expediente núm: AEDL 22/2019.

Tendo en conta tamén as especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria actual ocasionada polo COVID-19, é polo que en aras de poder levar a cabo a contratación de persoal subvencionado para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo rías baixas durante o ano 2020 así como de calquera outra contratación desta área polo persoal adscrito a esta concellería, PROPON á Alcaldía:

PRIMEIRO.- Que se utilice o resultado do proceso selectivo de selección de 4 técnicos/as de turismo (expte. Ref. AEDL 22/2019), último levado a cabo nesta administración para esta área, para levar a cabo a contratación de persoal subvencionado para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo rías baixas durante o ano 2020 así como de calquera outra contratación desta área.

SEGUNDO.- Que por parte da Xefa de Negociado da Unidade de Servizos Xerais (funcionaria encargada da tramitación do expediente expediente Ref. 2020000635Sv "SUBVENCIONS E AXUDAS DA DIPUTACION.- CUSTOS DE PERSOAL PARA INFORMACION EN OFICINAS DE TURISMO") se incorpore ao expediente a autorización expresa da Deputación de Pontevedra mediante a que preste a súa conformidade para utilizar a fórmula exposta así como a autorización de inicio de contrato con data posterior á aprobada (01/05/2020) con aclaración da súa data concreta de finalización.

INFORME REMITIDO A DEPUTACION DE PONTEVEDRA E A XUNTA DE GALICIA (AXENCIA DE TURISMO)

ASUNTO: SUBVENCION CONTRATACIÓN PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO Expte: 2020000635SV

Con data 06-03-20 solicítase á Deputación provincial, subvención para a contratación de persoal nas oficinas de turismo do 1 de maio ó 31 de decembro de 2020, segundo as bases da convocatoria de subvencións publicadas no BOP de 12- 02-20.

Mediante resolución de concesión de subvención, publicada no BOP de data 26-05-20, se concede o Concello de Nigrán unha subvención de 14.000 euros para a contratación de dúas persoas para a oficina de turismo dende o 1 de maio ata ó 31 de decembro de 2020.

Con data de 20/02/19 se solicitou ante a Axencia de Turismo de Galicia unha subvención para a contratación de persoal para as oficinas de turismo, ao abeiro da Resolución do 26/11/18, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (DOG 22/01/19).

Trala resolución positiva da solicitude de subvención para a contratación dun/ha traballador/a, a Alcaldía en funcións con data 05/06/2019 aproba as bases de selección polas que se rexerá o proceso de selección. Como resultado do citado proceso consta proposta de contratación do Tribunal cualificador de data 12/06/2019 para cubrir as prazas de referencia.

Tendo en conta que a selección e contratación que se pretende levar a cabo segundo as bases publicadas en BOP de 12-02-20 por ese organismo, presenta idénticas condicións coa selección e contratación levada a cabo durante o pasado ano como resultado do proceso selectivo, expediente núm: AEDL 22/2019.

Tendo en conta tamén as especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria actual ocasionada polo COVID-19, é polo que en aras de poder levar a cabo a contratación de persoal subvencionado para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo, esta Alcaldía solicita comunicación expresa dese organismo en relación ó non impedimento de utilizar o resultado do proceso selectivo de 4 técnicos/as de turismo (expte. Ref. AEDL 22/2019), último levado a cabo nesta administración para esta área, e cun contrato de duración dende o día 1 de xullo de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.

ESCRITO DA DEPUTACION DE PONTEVEDRA

ASUNTO: SUBVENCIÓN PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DE DOTACIÓN DE PERSOAL PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS DE INFORMACIÓN EN OFICINAS DE TURISMO ADHERIDAS Á REDE DE OFICINAS DE TURISMO “INFO RÍAS BAIXAS” – 2020

Acusamos recibo da súa consulta de 12 de xuño de 2020 (Ref. 2020020938).

Con respecto ao período de contratación, a subvención concedeuse para sufragar os custos de dotación de persoal durante oito meses. No caso de que finalmente o período de contratación sexa diferente e, en consecuencia, o gasto xustificado sexa inferior, diminuírase a subvención na parte proporcional, segundo o previsto na base 18g das reguladoras da subvención.

No referente ao procedemento de contratación de persoal, a base 16g das reguladoras da subvención, referente ás obrigas dos beneficiarios, establece no apartado a) que a selección de persoal deberá cumprir os requisitos previstos na Lei 5/2015, de 30 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia no referente á selección do persoal. O

cumprimento deste requisito deberá xustificalo mediante certificación da persoa titular da Secretaría do Concello, segundo o establecido na base 17g das reguladoras da subvención.

#### ESCRITO CONSELLERIA DE CULTURA E TURISMO

Con respecto á consulta realizada por vostede sobre a subvención para a contratación de persoal para a oficina de turismo, remítolle ao borrador de convenio que se lle enviou con data 3/6/2020. No devandito convenio, igual que se establecía na Resolución do 2 de xaneiro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro e se procede á súa convocatoria para o ano 2020, establécese, por unha banda na cláusula primeira que "... O persoal que se contrate deberá estar en posesión dalgún dos seguintes títulos ou habilitacións: técnico superior en información e comercialización turística ou técnico superior en guía, información e asistencia turística; técnico en empresas e actividades turísticas, grao ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado, ou ben contar coa habilitación de guía de turismo, ou certificado de profesionalidade de promoción turística local e información ao visitante ( HOT10108).

Como medida de fomento do emprego, o persoal que se contrate deberá figurar como desempregado, ou demandante dunha mellora de emprego, no Servizo Público de Emprego de Galicia....."

Polo exposto, e sempre que se cumpra co establecido no citado convenio, correspóndelle ao Concello determinar o procedemento de contratación segundo a lexislación vixente ao efecto.

#### **RESOLUCIÓN CONCELLO DE NIGRAN**

Oficina: Recursos Humanos Asunto: Contratación laboral temporal: 2 técnico/as para as oficinas de Turismo adheridas á rede de oficinas de turismo Info Rías Baixas durante o ano 2020 Expediente: 2020002653 (Rf.a AEDL 22/2019 e Rfa. 202000035Sv)

1. Con data 06-03-20 solicítase á Deputación provincial, subvención para a contratación de persoal nas oficinas de turismo do 1 de maio ó 31 de decembro de 2020, segundo as bases da convocatoria de subvencións publicadas no BOP de 12- 02-20.
2. Vista a resolución de concesión de subvención, publicada en BOP de data 26-05-20 pola que se concede o Concello de Nigrán unha subvención de 14.000 euros para a contratación de dúas persoas para a oficina de turismo dende o 1 de maio ata ó 31 de decembro de 2020.

3. Vista tamén a Proposta de data 10/06/2020 da Concellería de Persoal (coa conformidade desta alcaldía) na que entre outros proponse. T..)

4. Con data de 20/02/19 se solicitou ante a Axencia de Turismo de Galicia unha subvención para a contratación de persoal para as oficinas de turismo, ao abeiro da Resolución do 26/11/18, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concurrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (DOG 22/01/19). Trala resolución positiva da solicitude de subvención para a contratación dun/ha traballador/a e tendo en conta a intención desta corporación de contratar nun único proceso selectivo a 4 persoas, tal e como foi acordado en Mesa de Negociación o 12/04/19, a Alcaldía en funcións con data 05/06/2019 aproba as bases de selección polas que se rexerá o proceso de selección.

Como resultado do citado proceso consta proposta de contratación do Tribunal cualificador de data 12/06/2019 para cubrir as prazas de referencia.

Tendo en conta que a selección e contratación que se pretende levar a cabo ao abeiro da Resolución de concesión de subvención, publicada en BOP de data 26-05-20 pola que se concede o Concello de Nigrán unha subvención de 14.000 euros para a contratación de dúas persoas para a oficina de turismo, presenta idénticas condicións coa selección e contratación levada a cabo durante o pasado ano como resultado do proceso selectivo levado a cabo con todas as garantías xurídicas nesta área, o cal se corresponde co expediente núm: AEDL 22/2019.

Tendo en conta tamén as especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria actual ocasionada polo COVID-19, é polo que en aras de poder levar a cabo a contratación de persoal subvencionado para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo rías baixas durante o ano 2020 así como de calquera outra contratación desta área polo persoal adscrito a esta concellería, PROPÓN á Alcaldía:

PRIMEIRO.- Que se utilice o resultado do proceso selectivo de selección de 4 técnicos/as de turismo (expte. Ref. AEDL 22/2019), último levado a cabo nesta administración para esta área, para levar a cabo a contratación de persoal subvencionado para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo rías baixas durante o ano 2020 así como de calquera outra contratación desta área (...)" . Tendo en conta o escrito asinado con data de 29/06/2020 pola Xefa do Servizo da Deputación de Pontevedra.



Vistas as bases de selección do proceso selectivo citado con referencia AEDL 22/2019 aprobadas con data de 05/06/2019 así como a proposta de contratación do Tribunal cualificador de data 12/06/2019.

Tendo en conta tamén a documentación contable achegada polo departamento de Intervención con data 10/08/2020 no que indica a existencia de crédito para dita contratación.

Por todo o anteriormente exposto e visto o informe do Interventor Xeral do Concello de data 26/06/2020 con Rfa. T 124/20 no que formula reparos ao expediente de referencia, esta Alcaldía, no uso das facultades legalmente conferidas, RESOLVE

PRIMEIRO. - Resolver (segundo o disposto no artigo 217.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais) os reparos formulados polo Interventor no informe Rf.a T 124/20 do día 26/06/2020 conforme escrito da Concellería de Persoal e esta Alcaldía de levantamento de reparos asinado o 02/07/2020.

SEGUNDO. -Contratar nas condicións indicadas nas bases de selección do proceso selectivo de referencia aprobadas con data de 05/06/2019 ás seguintes aspirantes propostas polo Tribunal cualificador :

XXXXXXXXXX E XXXXXXXXXXXX

TERCEIRO. - A modalidade contractual será de contrato laboral temporal por obra ou servicio determinado a tempo completo. O citado contrato iniciárase o 14/08/2020 e rematará o 31/12/2020 (inclusive) sendo a xornada laboral de 37,5 horas semanais (completa) de luns a domingo en horario de mañá e/ou tarde en función das actividades programadas polo concello. A retribución do citado posto será de 1.155,32 euros brutos mensuais (incluídas pagas extraordinarias prorrateadas) de conformidade co importe recollido nas bases reguladoras da subvención de referencia.

CUARTO. - Emprazar ás aspirantes nomeadas para que se incorporen ao seu posto de traballo o día 14/08/2020.

QUINTO- A citada resolución pon fin á vía administrativa polo que contra a mesma cabe interpoñer potestativamente RECURSO DE REPOSICION, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que a ditou, ou interpoñer directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo a distribución de

competencias que se contén na lei 29/1998 do 13 de xullo, no prazo de dous meses a contar dende a notificación. Todo sen prexuízo de que poida exercer, no seu caso, calquera outro recurso que estime procedente.

## RESOLUCIÓN CONCELLO DE NIGRAN

Expediente nº: 2020000781 (expte. Refer.: 2020/01 c) Oficina: Recursos Humanos. Asunto: Contratación laboral temporal: Técnica de turismo

1.- A Concellería de Persoal con data 21/02/2020 achega a seguinte proposta:

"A Concellería de Turismo carece actualmente de Técnico de Turismo, pero Nigrán ao ter consideración de "Municipio Turístico", e actualmente debido a un repunte dos expedientes a tramitar (de forma puntual e urxente) hai una necesidade imprevista de dispor dun técnico de turismo.

Esta necesidade é excepcional, urxente e inaprazable, afectando a un servizo esencial desta administración e de competencia municipal. Vista a proposta de contratación por parte do tribunal cualificador do proceso selectivo de 12/06/2019 e ante a existencia de crédito suficiente, PROPOÑO:

ÚNICO.- Que se realicen os trámites oportunos para a contratación por obra ou servizo dun técnico de turismo durante un ano (prorrogable segundo a lexislación vixente e o fin ou non da necesidade urxente e inaprazable)".

2. Esta alcaldía con data de 20/02/19 solicitou ante a Axencia de Turismo de Galicia unha subvención para a contratación de persoal para as oficinas de turismo, ao abeiro da Resolución do 26/11/18, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (DOG 22/01/19). Trala resolución positiva da solicitude de subvención para a contratación dun/ha traballador/a e tendo en conta a intención desta corporación de contratar nun único proceso selectivo a 4 persoas, tal e como foi acordado en Mesa de Negociación o 12/04/19, a Alcaldía en funcións con data 05/06/2019 aproba as bases de selección polas que se rexerá o proceso de selección.

Como resultado do citado proceso consta proposta de contratación do Tribunal cualificador de data 12/06/2019 para cubrir as prazas de referencia.

3. Dende o ano 2011 o Goberno da Nación ven aplicando certas restricións á contratación de persoal temporal e funcionarios interinos no conxunto das Administracións Públicas. Así, o Real Decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público estableceu que para o ano 2012 non se procedería á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento de servizos públicos esenciais.

Estas restricións mantivéronse substancialmente nos seguintes anos.

4. Dadas as necesidades urxentes deste Concello na área de turismo tal e como se recolle na citada proposta da Concillería de Persoal, e tendo en conta o previsto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público 5/2015 de 30 de outubro (EBEP), compre utilizar, por razóns de economía, o resultado do último proceso selectivo levado a cabo nesta área, o cal se corresponde co expediente núm: AEDL 22/2019.

A acta do referido proceso selectivo de data 12/06/2019 recolle o cadro de puntuacións finais onde figuran os opositores que superaron o proceso por orde de puntuación.

Visto o anterior, realizouse o chamamento á persoa que figura primeira por orde de puntuación producíndose a aceptación por parte de :

- XXXXXXXXXXXXXXXX

5. Tendo en conta a documentación contable achegada polo departamento de Intervención con data 04/03/2020 no que indica a existencia de crédito para dita contratación.

Por todo o anteriormente exposto, conforme as facultades conferidas legalmente, esta Alcaldía- Presidencia, ACORDA:

PRIMEIRO.- Resolver (segundo o disposto no artigo 217.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais) o reparo recollido na documentación contable asinada polo Interventor Xeral con data de 04/03/2020 conforme o manifestado polo Concelleiro de Persoal e esta alcaldía no escrito de levantamento de reparos de data 05/06/2020

SEGUNDO. -Contratar nas condicións indicadas na convocatoria do proceso selectivo á aspirantes proposta polo Tribunal cualificador:

A XXXXXXXXXXXXXXX

TERCEIRO. - A modalidade contractual será de contrato laboral temporal por obra ou servizo determinado a tempo completo. O citado contrato iniciarase o 01/07/2020 e rematará o 30/06/2021 (inclusive) sendo a xornada laboral de 37,5 horas semanais (completa) de luns a domingo en horario de mañá e/ou tarde en función das actividades programadas polo concello. A retribución do citado posto será de 1.155,32 euros brutos mensuais (incluídas pagas extraordinarias prorrateadas) de conformidade co importe recollido nas bases reguladoras da subvención de referencia.

CUARTO. - Emprazar á aspirante nomeada para que se incorpore ao seu posto de traballo o día 01/07/2020.

QUINTO- A citada resolución pon fin á vía administrativa polo que contra a mesma cabe interpoñer potestativamente RECURSO DE REPOSICION, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que a ditou, ou interpoñer directamente RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo a distribución de competencias que se contén na lei 29/1998 do 13 de xullo, no prazo de dous meses a contar dende a notificación. Todo sen prexuízo de que poída exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

#### ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

- A) Contratación dunha técnica de turismo polo período que abrangue do 1 de xullo de 2020 ao 30 de xuño de 2021.
1. Con data 21 de febreiro de 2020 a Concellería de Persoal do concello propón, ante a *“necesidade imprevista, excepcional, urxente e inaprazable”* de dispor dun técnico de turismo, que se realicen os trámites oportunos para a súa contratación *“á vista da proposta de contratación por parte do tribunal cualificador do proceso selectivo de 12/06/2019 e ante a existencia de crédito suficiente”*.
  2. Con data 4 de marzo de 2020 o Interventor Xeral do Concello de Nigrán formula un reparo sobre o manifestado polo Concelleiro de Persoal.

3. Con data 5 de xuño de 2020 procédese ao levantamento do dito reparo conforme ao manifestado polo Concelleiro de Persoal.
  4. Con data 8 de xuño de 2020 o alcalde acorda resolver o reparo recollido na documentación contable asinada polo Interventor Xeral e tendo en conta *“as necesidades urxentes deste Concello na área de turismo tal e como se recolle na citada proposta da Concellería de Persoal, e tendo en conta o previsto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público 5/2015 de 30 de outubro (EBEP), compre utilizar, por razóns de economía, o resultado do último proceso selectivo levado a cabo nesta área, o cal se corresponde co expediente núm: AEDL 22/2019”* (punto 4º da Resolución), previo chamamento e aceptación da persoa que figura primeira por orde de puntuación, acórdase a súa contratación.
- B) Contratación de dúas técnicas de turismo durante o período comprendido entre o 14 de agosto e o 31 de decembro de 2020.
- C)
1. Con data 6 de marzo de 2020 o concello solicita á Deputación provincial, unha subvención para a contratación de persoal nas oficinas de turismo do 1 de maio ó 31 de decembro de 2020, segundo as bases da convocatoria de subvencións publicadas no BOP do 12 de febreiro de 2020.
  2. Por Resolución publicada no BOP de data 26 de maio de 2020, concédese ao Concello de Nigrán unha subvención de 14.000 euros para a contratación de dúas persoas para traballar na oficina de turismo dende o 1 de maio ata o 31 de decembro de 2020, trasladándose o expediente ao Departamento de Persoal para a tramitación da correspondente selección e contratación segundo as condicións da subvención.
  3. Con data 10 de xuño de 2020 a Concellería de Persoal, logo de apreciar que *“a reanudación dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público ... o 01/06/2020 ... pon de manifesto a carga de traballo existente en todos os departamentos do concello, sendo un dos máis afectados a Oficina de recursos humanos”* e *“tendo en conta tamén as especiais circunstancias derivadas da crise sanitaria actual ocasionada polo COVID-19, é polo que en aras de poder levar a cabo a contratación de persoal subvencionado para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo rías baixas durante o ano 2020”* propón a Alcaldía *“Que se utilice o resultado do proceso selectivo de selección de 4 técnicos/as de turismo (expte. Ref. AEDL 22/2019), último levado a cabo nesta administración para esta área, para levar a cabo a contratación de persoal subvencionado para a realización de tarefas de información en oficinas de turismo adheridas á rede de oficinas de turismo rías baixas durante o ano 2020”*.
  4. Con data 11 de xuño de 2020 solicítase comunicación expresa da Deputación de Pontevedra en relación ao non impedimento de utilizar o resultado do proceso selectivo de 4 técnicos/as de turismo (expte. Ref. AEDL 22/2019). Con data 29 de xuño de 2020 o

- dito organismo responde á consulta efectuada polo concello, para o que invoca a base 16ª das reguladoras da subvención, sobre os requisitos para a selección de persoal.
5. Coa mesma data o concello dirixe idéntica consulta á Axencia de Turismo de Galicia, que responde o 15 de xuño de 2020 en similares termos que a Deputación de Pontevedra.
  6. Con data 26 de xuño de 2020 o Interventor Xeral do Concello de Nigrán formula reparos ao expediente (Rfª T 124/20).
  7. Con data 2 de xullo de 2020 procédese ao levantamento do dito reparo conforme ao manifestado polo Concelleiro de Persoal.
  8. Con data 12 de agosto de 2020 o alcalde acorda resolver o reparo recollido na documentación contable asinada polo Interventor Xeral e *“Vistas as bases de selección do proceso selectivo citado con referencia AEDL 22/2019 aprobadas con data de 05/06/2019 así como a proposta de contratación do Tribunal cualificador de data 12/06/2019”* resolve contratar ás aspirantes propostas polo Tribunal cualificador.

En conclusión e contestando ao exposto na queixa sobre o método utilizado para levar a cabo ámbalas dúas contratacións, según se desprende do informe da Administración, foi o seguinte.

En ámbalas dúas contratacións obsérvase que, houbo reparos formulados polo Interventor e que son levantados e resoltos por senllas resolucións da alcaldía.

Por resolución da Alcaldía acordase, no caso da contratación de dúas técnicas de turismo, utilizar o resultado do proceso selectivo da convocatoria correspondente ao ano 2019, polo que non se levou a cabo o procedemento de contratación indicado nas bases de selección a pesares de que a Deputación de Pontevedra diante da consulta do Concello de Nigrán, no referente ao procedemento de contratación de persoal, lle indica que a selección de persoal deberá cumprir os requisitos previstos na Lei 5/2015, de 30 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia no referente á selección do persoal, que no tocante a selección de persoal, ésta última establece no seu Artigo 49. Principios xerais.

As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei seleccionarán ao persoal ao seu servizo de conformidade cos principios seguintes:

- a) Igualdade, con especial atención á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e das persoas con discapacidade.
- b) Mérito e capacidade.
- c) Publicidade das convocatorias e das súas bases.
- d) Transparencia e obxectividade no desenvolvemento dos procesos selectivos e no funcionamento dos órganos de selección.
- e) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- f) Independencia, confidencialidade e discrecionalidad técnica na actuación dos órganos de selección.
- g) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.

h) Eficacia, eficiencia e axilidade, sen prexuízo da obxectividade, no desenvolvemento dos procesos selectivos.

En cuanto a contratación dunha técnica de turismo polo período que abrangue do 1 de xullo de 2020 ao 30 de xuño de 2021, ante a consulta feita diante da Consellería de Turismo sobre a contratación do persoal, lle responde que: correspóndelle ao Concello determinar o procedemento de contratación segundo a lexislación vixente ao efecto.

Con data 8 de xuño de 2020 o alcalde toma o seguinte acordo:

Resolver o reparo recollido na documentación contable asinada polo Interventor Xeral e tendo en conta o previsto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público 5/2015 de 30 de outubro (EBEP), compre utilizar, por razóns de economía, o resultado do último proceso selectivo levado a cabo nesta área, (ano 2019), invocando, o noso entender dunha maneira forzada, a concurrencia de necesidade imprevista, excepcional, urxente e inaprazable” de dispor dun técnico de turismo.

### CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello o seguinte

#### **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS:**

“Que os procesos de selección de persoal das Administracións Públicas, incluídas no ameto da aplicación do Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia. se deben levar a cabo, conforme as previsións sobre selección de persoal feitas nos citados textos legais”

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable,

non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo  
(Asinado Dixitalmente)